

INSTRUCCIÓN BÁSICAS DE USO DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CMD, NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN. DEPORTISTAS.

Para o uso da instalación, e **previo á autorización municipal** preceptiva, a entidade deportiva deberá facer unha **solicitud, achegando un documento (segundo modelo en Anexo I) no que declare e poña de manifesto o seguinte:**

- Nivel competitivo.
- O coñecemento da normativa en vigor que afecta a actividade a desenvolver na instalación deportiva municipal, e o seu estrito cumprimento por parte de todos e cada un dos integrantes da entidade.
- O coñecemento do protocolo de uso da instalación deportiva municipal, e a súa aceptación expresa, así como calquera indicación que reciba directamente do persoal do Consello Municipal de Deportes, e en especial do de control e vixilancia da instalación.
- O coñecemento das circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e a seguridade de todos os participantes antes, durante e con posterioridade a actividade a desenvolver na instalación. En especial, o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.
- Eximir, expresamente, ao Consello Municipal de Deportes de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.
- Xunto coa solicitud, ou previo ao inicio da actividade, se deberá achegar o protocolo FISICOVID da federación deportiva responsable da modalidade deportiva/as que desenvolva a entidade solicitante, previamente aprobado pola SXD.
- **Previo ao inicio da actividade**, a entidade deportiva deberá **notificar** a persoa que exercerá de **coordinadora da entidade deportiva**, e que será o responsable da entidade da aplicación dos respectivos protocolos e normas, e que será o único interlocutor ante o Consello Municipal de Deportes.

Esta persoa coordinadora encargada de cada grupo de adestramento velará polo cumprimento dos protocolos achegados e instrucións, e responderá ante o Consello Municipal de Deportes durante o momento de desenvolvemento da actividade na instalación, debendo acatar as indicacións que, en cada momento, se dean polo persoal municipal responsable da instalación.

A entidade deportiva deberá velar e responsabilizarse para que **non poidan acceder á instalación** os deportistas **positivos** en COVID 19, inda que sexan **asintomáticos**, así como aqueles **non diagnosticados pero que teñan algún síntoma**.

A **entidade deportiva** deberá **responsabilizarse** de que as persoas dependentes dela, con acceso ás instalacións deportivas.

O persoal da entidade deportiva deberá utilizar os elementos de protección que en cada momento veñan determinados polas distintas normas, en especial, o uso de máscaras.

As distintas persoas integrantes da entidade deportiva teñen unha **responsabilidade para si e para cos demais**, polo que deberán seguir coa máxima responsabilidade e cautela as **normas hixiénico-sanitarias** dispostas polas autoridades sanitarias, e en especial:

- Limitación de 25 persoas por grupo de adestramento.

- A práctica desenvolverase sempre **sen contacto físico** nos adestramentos de equipos de **ámbito autonómico ou inferior**.
- Os equipos que participen en competicións deportivas oficiais de **ámbito estatal poderán ter contacto**, en base á *ORDE do 27 de agosto de 2020, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*
- O **distanciamento físico mínimo** (1,5 metros). Se procurará unha distancia física superior na realización de actividades deportivas tales como correr ou andar en bicicleta.
- O **constante lavado de mans** seguindo as indicacións dispostas polas autoridades sanitarias.
- O **uso de máscara** en instalacións cerradas agás para práctica deportiva.
- **Desinfección ao finalizar a actividade de todo o material deportivo utilizado**, tanto persoal como propio da instalación.
- **Na instalación deportivas so poderán acceder os deportistas e o cadro técnico mínimo necesario para o desenvolvemento da actividade**, e o **responsable/coordinador do club** e a persoa que, de ser o caso, exerza de **xefe/a médico**. Coa salvedade de aquelas competicións que se poidan desenvolver coa presenza de seareiros.
- Os deportistas pertencentes á entidade deportiva deberán posuír os protocolos e instrucións, así como asinar o Anexo II deste documento.
- O Consello Municipal de Deportes resérvase o dereito de efectuar as modificacións que estime oportunas nesta disposición para adecuala á evolución da situación sanitaria derivada da COVID-19.
- A entidade deportiva debe posuír unha relación nominal do persoal que conforma o grupo de adestramento (deportistas, persoal técnico, auxiliar, ...).



ANEXO I: MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN. ENTIDADES DEPORTIVAS.

D/D^a. con NIF
actuando en representación da entidade deportiva
con CIF e dirección de correo electrónico, a efectos de notificación:
, para a actividade de volta aos
adestramentos e competicións organizadas para a tempada 2020-2021,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Coñecer e aplicar a normativa en vigor que afecta á actividade a desenvolver na instalación deportiva municipal, e o seu estrito cumprimento por parte de todos e cada un dos integrantes da entidade.
- Coñecer e aplicar o protocolo de uso da instalación deportiva municipal, e a súa aceptación expresa, así como calquera indicación que reciba directamente do persoal do Consello Municipal de Deportes, e en especial do de control e vixilancia da instalación.
- Coñecer as circunstancias excepcionais actuais e aplicar os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e seguridade de todos os participantes antes, durante e con posterioridade á actividade a desenvolver na instalación. En especial, o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.
- Eximir, expresamente, ao Consello Municipal de Deportes de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.
- Achegar o Protocolo FISICOVID da federación deportiva responsable da modalidade deportiva/as que desenvolva a entidade solicitante, previamente aprobado pola SXD.
- Nomear como persoa coordinadora da entidade deportiva, responsable da entidade de aplicación dos respectivos protocolos e normas, interlocutora ante o Consello Municipal de Deportes a D/dna. con NIF e teléfono de contacto:
- Ter recibido e lidas as instrucións básicas de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais do Consello Municipal de Deportes e que, polo tanto, teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
- Ter recibido e lidas as medidas de prevención dispostas polo clube, o protocolo FISICOVID da Federación Galega e o protocolo da Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dispoñer dun modelo de declaración responsable para deportistas (anexo II) cumprimentado por cada deportista.

Asinado en Ourense na data da sinatura electrónica.